



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

## ACTA Nº 2019/5

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO

**-Xoves, 23 DE MAIO DE 2019-**

No día de hoxe, ás 10.20 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión extraordinaria do Pleno.

**PRESIDE:**

José Luis García López

**ASISTEN:**

(De Alternativa por Arzúa)

María del Carme Torreiro González

Alfonso Carril Guerra

Aurora Varela Duro

Miguel Angel Vallo Camba

Andrés David Pérez Ferreira

María del Pilar Castro Vallo

(De Partido Popular)

Jesús García Rodríguez

Alfonso Lodeiro Regueiro

Evangelina María Orois Conde

Vanessa Quintela Pedreira

(De CxG-CCTT)

José Ignacio García Couso

**SECRETARIA:**

Rebeca Vázquez Vázquez

**INTERVENTORA:**

Olga Castro Fernández

**NON ASISTE:** A Concelleira do PsdeG-PSOE, Begoña Balado Conde.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**

### 1.- DITAME SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2019

A secretaria da lectura a seguinte proposta de acordo, ditaminado favorablemente en Comisión de Contas de data 20 de maio de 2019:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de SUPLEMENTO DE CRÉDITOS 1/2019 por importe de 339.480,10 € co seguinte desglose:

#### ORZAMENTO DE GASTOS:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA A SUPLEMENTAR	DESCRICIÓN	EUROS
1532.61901	Pavimentacións. Outras Infraestructuras	322.395,06 €
933.63203	Xestión do patrimonio. Outras infraestructuras de reposición	17.085,04 €
	<b>TOTAL</b>	<b>339.480,10 €</b>

#### ORZAMENTO DE INGRESOS:

SUBCONCEPTO	DESCRICIÓN	EUROS
870.00	RLT para gastos xerais	339.480,10€
	<b>TOTAL</b>	

**SEGUNDO.-** De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan.

**TERCEIRO.-** O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 2º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación da devandita modificación resumida por capítulos no BOP, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

**CUARTO.-** No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 2º do presente acordo, deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 3º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

**QUINTO.-** Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\*Do Sr. García Couso (CxG) para manifestar:

- Que este suplemento de crédito o ano pasado tiña un destino para unha obra, e este ano na radio municipal anunciase a bombo e platillo que era o acondicionamento da rúa Fraga do Rei.

-Que ten unhas preguntas que facer con respecto a este tema e en base as respostas que se lle dean irá o sentido do seu voto, que en principio pretende que sexa favorable xa que non se vai opoñer a ningunha obra.

-Que preguntou unha vez nun Pleno sobre o estado da rúa Fraga do Rei e contestouse que o gasto de humanización desa rúa era superior que o da travesía de Santiago Lugo, que tivera un custo de 2.000.000 euros e agora con 339.000 pretendese facer esa obra.

-Pregunta sobre dita obra:

¿Vaise facer na totalidade da rúa de Fraga do Rei?. Se vai ser só un tramo ¿Cal vai ser ese tramo e onde empezaría dende a estrada de A Coruña ou dende a estrada de Lugo?

-Con respecto ao proxecto desa obra: ¿porque non se trae ao pleno?, ¿está aprobado ? ¿Tense que aprobar no Pleno?

Remata a súa exposición o Sr. García Couso comentando que pensaba que o mitín do alcalde era pola noite, pero parece que o trasladou a mañá.

\*Do Sr. García Rodríguez (do PP) para indicar que van votar a favor porque todas as obras son boas

\*Do alcalde para indicar:

- Que nunca dixo que o custo da rúa Fraga do Rei fora superior ao da Travesía de Santiago- Lugo, dixo que ascendía a un millón e pico de euros nun proxecto que estaba ahí dende hai tempo.

- Que como non ten a sorte de gobernar en época de vacas gordas, vai aproveitar a boa xestión realizada dun remanente para arranxar un tramo desa rúa, que vai ser o que consideraron os técnicos que estaba en peor estado, o cal vai dende a esquina do Campo da Feira onde está o bar Fraga ata pasar a casa de Cotón.

- Que o proxecto ten que vir a Pleno unha vez que estean realizados os informes sectoriais e de Patrimonio e despois empezarse coa contratación de obra.

- Que este suplemento de crédito non se trouxo antes a Pleno porque non se dispuxo da información do remanente ata o mes de marzo, e tamén houbo que facer estudos e proxectos, senon xa houbeira ido no anterior pleno ordinario.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación este punto da orde do día, adoptándose, por unanimidade dos membros presentes o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de SUPLEMENTO DE CRÉDITOS 1/2019 por importe de 339.480,10 € co seguinte desglose:

**ORZAMENTO DE GASTOS:**

APLICACIÓN ORZAMENTARIA A SUPLEMENTAR	DESCRICIÓN	EUROS
1532.61901	Pavimentacións. Outras Infraestructuras	322.395,06 €
933.63203	Xestión do patrimonio. Outras infraestructuras de reposición	17.085,04 €
	<b>TOTAL</b>	<b>339.480,10 €</b>

**ORZAMENTO DE INGRESOS:**

SUBCONCEPTO	DESCRICIÓN	EUROS
870.00	RLT para gastos xerais	339.480,10€
	<b>TOTAL</b>	

**SEGUNDO.-** De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan.



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

**TERCEIRO.-** O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 2º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación da devandita modificación resumida por capítulos no BOP, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

**CUARTO.-** No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 2º do presente acordo, deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 3º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

**QUINTO.-** Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.

## 2. DITAME RETRIBUCION ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCÍONS DE TESOURERÍA.

A secretaria da lectura a seguinte proposta de acordo, ditaminado favorablemente en Comisión informativa de determinados asuntos do Pleno e Control da xestión municipal de data 20 de maio de 2019:

**PRIMEIRO.-**Aprobar en concepto de indemnización por atribución temporal de funcións de tesorería do Concello de Arzúa a D. José Manuel Vázquez García funcionario de carreira deste Concello Técnico de Xestión, a indemnización mensual bruta de 525,30 € (importe da paga extra incluída) que se corresponden a 17,51 € diarios, ordeando o pago desta contía con efectos retroactivos a data de asunción de dita atribución temporal de funcións.

**SEGUNDO.-** Notificar este ó afectado e os servizos de tesourería e contabilidade para que se proceda o pago correspondente os efectos oportunos.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

Do Sr. García Couso (CxG) para indicar que vai votar a favor xa que se lle corresponde e cumpre esas funcións terá dereito a esa retribución.

Do Sr. García Rodríguez (do PP) para indicar que vai votar a favor.

Tras todo exposto, o alcalde someteu este asunto a votación ordinaria, adoptándose, por unanimidade dos membros presentes o seguinte

### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar en concepto de indemnización por atribución temporal de funcións de tesorería do Concello de Arzúa a D. José Manuel Vázquez García funcionario de carreira deste Concello Técnico de Xestión, a indemnización mensual bruta de 525,30 € (importe da paga extra incluída) que se corresponden a 17,51 € diarios, ordeando o pago desta contía con efectos retroactivos a data de asunción de dita atribución temporal de funcións.

**SEGUNDO.-** Notificar este ó afectado, e os servizos de tesourería e contabilidade para que se proceda o pago correspondente os efectos oportunos.

### 3. DITAME SOLICITUDE COMPATIBILIDADE ASESORA XURÍDICA DO CIM

A secretaria da lectura a seguinte proposta de acordo, ditaminado favorablemente en Comisión informativa de determinados asuntos do Pleno e Control da xestión municipal, de data 20 de maio de 2019:

**PRIMEIRO.-** Declarar a compatibilidade solicitada do desempeño do posto como asesora de laboral teporal a tempor parcial asesora xurídica do Centro de información á muller de Arzúa coa actividade privada da interesada de asesoría xurídica con estes condicionantes:

A) Que dita actividade privada non afecte a materias nin usuarios/as da dependencia do CIM de Arzúa mantendo a interesada a total imparcialidade e independencia no exercicio do emprego público. Non se outorga para

asuntos sometidos a informe, decisión axuda financeira ou control polo Concello de Arzúa

B) Que non afecte a súa xornada de traballo e horario no Concello quedando sen efecto no caso de cambio de posto no sector público e sen referirse a segundo posto ou actividade pública, compatibilidade que se outorga só para exercicio de actividade privada de asesoría xurídica.

C) A interesada non invocará nin fará uso das súa condición pública para o exercicio da actividade privada. O exercicio de dita actividade privada non servirá de excusa o deber de asistencia o lugar de traballo do posto, atraso negligencia ou descuido no desempeño do mesmo no Concello de Arzúa.

D) O recoñecemento de compatibilidade non ampara actividades sinaladas no artigo 12 da lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal o servizo das AAPP nin aquelas do artigo 11 do regulamento desta lei 598/1985.

E) Este recoñecemento queda sen efecto ante un cambio das circunstancias funcións retribucións do posto que conleve a incompatibilidade nos termos da Lei 53/1984 e regulamento que a desenvolve.

**SEGUNDO.-**Notificar este acordo á interesada así como quede inscrito o mesmo no rexistro de persoal aos efectos oportunos.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\*Do Sr. García Couso (CXG) para indicar que xa se manifestara ao respecto na Comisión informativa, e entende que o tempo de traballo desta persoa neste servizo é temporal, e polo tanto necesita poder adicarse a outras cousas cos condicionantes que se poñen neste acordo, polo tanto votará a favor.

\*Do Sr. García Rodríguez (PP) para indicar que vai votar a favor e que está dacordo co que dixo o concelleiro de CxG.

Tras todo exposto, o alcalde someteu este asunto a votación ordinaria, adoptandose, por unanimidade dos membros presentes o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Declarar a compatibilidade solicitada do desempeño do posto como asesora de laboral temporal a tempo parcial asesora xurídica do Centro de información á muller de Arzúa coa actividade privada da interesada de asesoría xurídica con estes condicionantes:

A) Que dita actividade privada non afecte a materias nin usuarios/as da dependencia do CIM de Arzúa mantendo a interesada a total imparcialidade e independencia no exercicio do emprego público. Non se outorga para

asuntos sometidos a informe, decisión axuda financeira ou control polo Concello de Arzúa

B) Que non afecte a súa xornada de traballo e horario no Concello quedando sen efecto no caso de cambio de posto no sector público e sen referirse a segundo posto ou actividade pública, compatibilidade que se outorga só para exercicio de actividade privada de asesoría xurídica.

C) A interesada non invocará nin fará uso das súa condición pública para o exercicio da actividade privada. O exercicio de dita actividade privada non servirá de excusa o deber de asistencia o lugar de traballo do posto, atraso negligencia ou descuido no desempeño do mesmo no Concello de Arzúa.

D) O recoñecemento de compatibilidade non ampara actividades sinaladas no artigo 12 da lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal o servizo das AAPP nin aquelas do artigo 11 do regulamento desta lei 598/1985.

E) Este recoñecemento queda sen efecto ante un cambio das circunstancias funcións retribucións do posto que conleve a incompatibilidade nos termos da Lei 53/1984 e regulamento que a desenvolve.

**SEGUNDO.-**Notificar este acordo á interesada así como quede inscrito o mesmo no rexistro de persoal aos efectos oportunos.

#### **4.- DITAME MODIFICACIÓN POS 2018 PROXECTO SANEAMENTO NA CASTAÑEDA**

A secretaria da lectura a seguinte proposta de acordo, ditaminado favorablemente en Comisión informativa de determinados asuntos do Pleno e Control da xestión municipal, de data 20 de maio de 2019:

**PRIMEIRO.-**Aprobar o proxecto modificado da obra Saneamento na parroquia da Castañeda redactado polo enxeñeiro de camiños, colexiado nº 3871 Julio C. Rojo Martínez en novembro de 2018 cun orzamento de licitación de 225.630,66€ .

**SEGUNDO.-** Declarar que o Concello de Arzúa conta no orzamento municipal de 2019 có crédito suficiente para facer fronte a achega municipal a este proxecto por importe de 72.269,25€ que xunto coa financiación da Deputación por 153.361,41€ permitirán a execución desta obra.





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

**TERCEIRO.-** Declarar que o Concello ten dispoñibilidade de terreos augas e servidumes para a execución do investimento ( previa elevación a escritura pública do acordo de compra de dita parcela para instalación de depuradora) e resolto o relacionado coas autorizacións sectoriais necesarias segundo informe técnico que consta no expediente .

**CUARTO.-** Solicitar da Deputación Provincial de A Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución desta obra que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente .

**QUINTO.-** Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións Públicas apra o financiamento desta actuación .

**SEXTO.-** Certificación deste acordo sexa remitida A Excma. Deputación Provincial de A Coruña , Seccións de Plans os efectos oportunos.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións

\* Do Sr. García Couso (CxG) para manifestar:

-Que nos orzamentos de 2016 xa se aprobou unha partida que manifestara que era insuficiente para o saneamento de Castañeda desde o 2017 e estamos no 2019 ao final desta lexislatura aprobando unha modificación para complementar unha partida do POS 2018.

-Que para seguir con esa obra todo o que discorre pola nacional xa está con instalacións de saneamento e cre que o contrario do que dixo o alcalde de que fixera unha xestión moi boa, porque había un remanente de tesourería, pensa que o remanente é un exemplo de falta de xestión, non é ningún aforro, xa que foi algo que se aprobou e non se gastou no ano que se aprobou e queda para o ano que ven, polo que non é ningún aforro senón e falta de xestión.

- Que estivo votando cálculos e Arzúa ten o saneamento integral do que é a vila e as parroquias mais limítrofes como Santa María e Lema, e tamén ten saneamento na parroquia de Boente, de 22 parroquias quedan 18.

- Que se leva un periodo bastante longo co saneamento de Castañeda sen rematar as 18 parroquias que quedan sen saneamento, a este ritmo vai levar o saneamento 72 anos.

- Que vai votar a favor, aínda que as outras aldeas tamén necesitan saneamento, a ver se se da xestionado para que non tarde 72 anos en facerse.

\*Do alcalde para manifestar:

- Que xa falou moitas veces deste tema. O novo candidato de CxG sacou unha foto diante da depuradora de Boente, que durante a súa lexislatura non funcionou, quen a tivo que poñer a funcionar e levou o mantemento foi durante a súa lexislatura.

-Que a depuradora de Arzúa tiña un mantemento precario, aforrábase moito para poder facer obras, agora xa non veñen os informes de Augas de Galicia, porque agora se cumpre e antes non.

-Que con respecto o tema da depuradora de Castañeda, onde se vai poñer agora a depuradora foi a primeira opción que mirara o concello, só que a propietaria non quixera vender nin ceder, e dous meses despois cambiou de idea e vendeulle a finca a un particular e agora comprouse a finca ao particular para poñer nela a depuradora, que vai permitir atender a mais casas. O retraso se ao final é para ben benvido sexa.

\*Do Sr. García Couso (de CxG) para manifestar que ao nomear aquí a un candidato doutro partido está a demostrar que o Pleno é electoral.

\* Do alcalde para indicar:

- Que sacou o tema porque o candidato sacou a foto presumindo, e non debía presumir porque a depuradora non funcionaba cando el estaba no goberno.

- Que o Pleno é tan electoralista, que enviouse a radio o arranxo da rúa Fraga do Rei e o do campo de fútbol e non se mencionou para nada a depuradora.

Tras todo exposto, o alcalde someteu este asunto a votación ordinaria, adoptándose, por unanimidade dos membros presentes o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.**-Aprobar o proxecto modificado da obra Saneamento na parroquia da Castañeda redactado polo enxeñeiro de camiños, colexiado n 3871 Julio C. Rojo Martínez en novembro de 2018 cun orzamento de licitación de 225.630,66€ .

**SEGUNDO.**- Declarar que o Concello de Arzúa conta no orzamento municipal de 2019 có crédito suficiente para facer fronte a achega municipal a este proxecto por importe de 72.269,25€ que xunto coa financiación da Deputación por 153.361,41€ permitirán a execución desta obra.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

**TERCEIRO.-** Declarar que o Concello ten dispoñibilidade de terreos augas e servidumes para a execución do investimento ( previa elevación a escritura pública do acordo de compra de dita parcela para instalación de depuradora) e resolto o relacionado coas autorizacións sectoriais necesarias segundo informe técnico que consta no expediente .

**CUARTO.-** Solicitar da Deputación Provincial de A Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución desta obra que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente .

**QUINTO.-** Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións Públicas apra o financiamento desta actuación .

**SEXTO.-** Certificación deste acordo sexa remitida A Excma. Deputación Provincial de A Coruña , Seccións de Plans os efectos oportunos.

#### **5.-DITAME NOVAS OBRAS A INCLUIR NO PLAN UNICO CONCELLOS "POS+ADICIONAL 1/2019"**

- **SUBSTITUCION DO CÉSPEDE NO CAMPO DE FÚTBOL DE ARZUA.**
- **CAMIÑO CARBALLIDO-CASAL A LAVADORIO (DODRO).**

A secretaria da lectura a seguinte proposta de acordo, ditaminado favorablemente en Comisión informativa de determinados asuntos do Pleno e Control da xestión municipal, de data 20 de maio de 2019:

**Primeiro.-** "Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptaron na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Substitución do céspede artificial no campo de fútbol de Arzúa	199.124,29 €	0	199.124,29 €
Camiño Carballido Casal a lavadoiro (Dodro)	51.796,67 €	0	51.796,67 €
<b>TOTAL</b>	250.920,96 €	0	250.920,96 €

Maior achega provincial asignada ao concello	580.339,74 €
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	329.418,78 €
Diferenza pendente para a 2ª Fase	250.920,96 €

**Segundo.**- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Terceiro.**- Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

**Cuarto.**- Solicitar da Deputación Provincial da coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**Quinto.**- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**Sexto.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade social.

**Setimo.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\*Do Sr. García Couso (CxG) para indicar:

-Que en primeiro lugar estes proxectos vanse financiar cunha aportación da deputación POS+Adicional, polo tanto é unha partida da deputación que non é para unha obra en concreto, este programa vaise aprobar na Deputación o 13 de setembro. Non está aprobado pola Deputación, a Deputación seguro que se aprobará.

-Que se destine a substitución do céspede artificial e se inclúa no Pos adicional, foi debido as xestións que fixo a directiva do equipo de fútbol.

-

- Que posiblemente esta obra no campo de fútbol se realice no verán de 2020, porque despois de setembro aínda as ten que aprobar a deputación e logo hai que contratalas.

- Que quere felicitar a directiva do Arzúa por conseguir que o Concello destine a esa obra os fondos que veñen da Deputación e por outro lado que o Arzúa vai ascender o domingo que vén.

- Que non é unha obra extraordinaria da Deputación, senón que son uns fondos da Deputación que poden ir destinados a calquera obra e que se destinan a substitución do céspede.

\*Do Sr. García Rodríguez (PP) para manifestar:

- Que vai voar a favor, porque considera que as obras son boas é a obras de substitución do céspede favorece a todos os xóvenes que están contribuíndo ao deporte en Arzúa

- Do alcalde para indicar:

-Que leve os méritos quen queira, o caso é que se faga a obra no momento en que se cause menos prexuízo aos equipos que practican deporte.

-Que este adicional traese a este pleno, porque non estaba o proxecto feito cando houbo o pleno ordinario, e ten que informar a xente de que se vai a renovar o campo de herba artificial.

-Que en canto os prazos, fai falta informe sectorial e canto antes veña de patrimonio antes se poderá facer a obra.

\*Do Sr. García Couso (CxG) para indicar, que o prazo para aprobar estas obras e ata o 13 de setembro, pero porén, non se informa da situación dos servizos sociais, porque deben saber todos os veciños que o 31 deste mes remata o servizo que presta a empresa de axuda no fogor, e diso non se informa.

Tras todo exposto, o alcalde someteu este asunto a votación ordinaria, adoptándose, por unanimidade dos membros presentes o seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** “Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **POS+ Adicional 1/2019** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptaron na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Substitución do céspede artificial no campo de fútbol de Arzúa	199.124,29 €	0	199.124,29 €
Camiño Carballido Casal a lavadoiro (Dodro)	51.796,67 €	0	51.796,67 €



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

<b>TOTAL</b>	250.920,96 €	0	250.920,96 €
--------------	--------------	---	--------------

Mayor achega provincial asignada ao concello	580.339,74 €
Mayor achega provincial aplicada na 1ª Fase	329.418,78 €
Diferenza pendente para a 2ª Fase	250.920,96 €

**Segundo.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Terceiro.-** Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

**Cuarto.-** Solicitar da Deputación Provincial da coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**Quinto.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

**Sexto.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade social.

**Setimo.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

## 6. DITAME MODIFICACIÓN DO CONVENIO ASINADO COA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

A secretaria da lectura a seguinte proposta de acordo, ditaminado favorablemente en Comisión informativa de determinados asuntos do Pleno e Control da xestión municipal, de data 20 de maio de 2019:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a modificación do convenio asinado entre este Concello e a Axencia de Protección da legalidade urbanística adhesión de data 19/02/2009 ampliando competencias delegadas nos termos literais do Anexo I que acompaña o escrito remitido polo director da APLU datado de 5/3/2019 propoñendo a ampliación das competencia delegadas.

**SEGUNDO.-** Certificación deste acordo sexa remitida á Axencia de protección da legalidade urbanística os efectos oportunos .

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

- Do Sr. García Couso (CxG) para indicar:
  - Que o seu voto non vai ser favorable. No informe da comisión fálase sobre as sancións que recaeran nos posibles infractores, e o concello cobrará o 10%.
  - Que cre que é unha deixadez de funcións do Concello e unha perda de ingresos por esa cesión á axencia de protección da legalidade urbanística.
- Do alcalde para responder que levan dende que comezou a crise tendo problemas para contratar xente, no dispoñemos de persoal para levar a cabo esas funcións. O Sr. García Couso sabe que para poder contratar unha persoa fixa ten que haber unha xubilación.





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

\*Do Sr. García Couso (CxG) para indicar que o concello igual que informa de obras de moita relevancia, tamén ten a súa responsabilidade nos casos sancionadores, e neste caso estamos perdendo ingresos por recadacións de sancións.

\*Do Sr. García Rodríguez (do PP) para indicar:

- Que nos estamos de acordo o 100% co que dixo o concelleiro de CxG, os de Arzúa teñen que facerse cargo das cousas que pasan en Arzúa, e recadar sen ter que darlle o 90% a outras entidades que a ganancia non vai recaer no concello.
- Que temos que reorganizarnos e distribuir os nosos ingresos.

\*Do alcalde para manifestar, que este concello leva moito tempo dentro da Axencia de legalidade urbanística e non somos nos quen asinamos o primeiro convenio desde o ano 2009.

\*Do Sr. García Couso (CxG) para responder, que el non cuestiona o estar dentro da Axencia de legalidade urbanística, senón a deixadez de funcións no que se refire a sancións que se producen a través do control da axencia que corresponden ao concello que ten competencias en urbanismo e en sancións a executalas e cobralas e estánselle cedendo a Axencia.

Tras todo exposto, o alcalde someteu este asunto a votación ordinaria, adoptándose por maioría absoluta, por 7 votos a favor de AxA, 5 en contra (4 PP e 1 de CxG) o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.**-Aprobar a modificación do convenio asinado entre este Concello e a Axencia de Protección da legalidade urbanística adhesión de data 19/02/2009 ampliando competencias delegadas nos termos literais do Anexo I que acompaña o escrito remitido polo director da APLU datado de 5/3/2019 proponendo a ampliación das competencia delegadas.

**SEGUNDO.**-Certificación deste acordo sexa remitida á Axencia de protección da legalidade urbanística os efectos oportunos.



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

Ás 10.55 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Arzúa, xoves 23 de maio de 2019

A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez	O alcalde, José Luis García López
---	--------------------------------------